



XOVES

I+D+i

Estimado/a amigo/a:

Continuando coas actividades de promoción do programa **Horizonte 2020 no tecido industrial e investigador galego, a Axencia Galega de Innovación (GAIN)** ten programada unha xornada para o vindeiro **10 de novembro** baixo o título **“APOIO Á CIENCIA EXCELENTE PARA A INNOVACIÓN DO FUTURO. Presentación do Programa OPORTUNIUS”** no Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia en Santiago de Compostela.

Esta xornada ten como obxectivo dar a coñecer as oportunidades para os investigadores galegos da prioridade Ciencia Excelente do Horizon 2020, en concreto das convocatorias do European Research Council (ERC). Este programa está adicado non só aos investigadores de ciencia básica, senón a todos aqueles interesados en captar talento investigador.

Asimesmo, a Axencia Galega de Innovación presentará o programa **OPORTUNIUS** de apoio aos investigadores que emprendan o camiño da excelencia a través das convocatorias do ERC. Este programa contribuirá a que investigadores excelentes desenvolvan a súa actividade investigadora en Galicia e participen no escenario global da investigación europea e mundial.

O programa e o formulario de inscrición están dispoñibles no seguinte [seguinte enlace](#) . Para calquera dúbida poden contactar no teléfono 981 33 71 15 ou no enderezo electrónico opidi.gain@xunta.es

Agardamos que esta información sexa do teu interese, despedímonos ata o vindeiro xoves!



Se non desexa recibir este boletín pode vostede darse de baixa enviando un mail a informa.gain@xunta.es dende a conta na que desexe anular a suscripción.